

Clarice Lispector

Felicidade clandestina



## Felicidade clandestina

Ela era gorda, baixa, con pencas e de cabelos excesivamente crespos, medio arroibados. Tiña un busto enorme, mentres todas nós aínda eramos planas. Coma se non abundase, enchía os dous petos da blusa, por riba do peito, de caramelos. Pero posuía o que a calquera nena devoradora de historias lle gustaría ter: un pai dono dunha librería.

Pouco o aproveitaba. E nós aínda menos: mesmo nos aniversarios, en vez de polo menos un libriño barato, dábanos unha postal da tenda do pai. Aínda por riba era sempre unha paisaxe de Recife, onde morabamos, coas súas pontes máis que vistas. Detrás escribía con letra moi requintada palabras como «data natalicia» e «saudade».

Pero que talento tiña para a crueldade! Toda ela era pura vinganza, mentres chupaba caramelos ruidosamente. Como nos debía de odiar esa nena, a nós, que eramos imperdoabelmente bonitiñas, esguías, altas, de cabelos libres! Comigo exerceu o seu sadismo con calma ferocidade. Na miña ansia por ler, eu nin notaba as humillacións a que me sometía: continuaba implorándolle que me emprestase os libros que ela non lía.

Até que lle chegou o magno día de comezar a inflixirme unha tortura chinesa. Como de maneira casual, informoume de que tiña *As aventuras de Nariciño*, de Monteiro Lobato.

Era un libro grosso, meu Deus, era un libro para quedar a vivir, a comer, a durmir con el. E completamente por riba das miñas posibilidades. Díxome que pasase pola súa casa ao día seguinte e que mo emprestaría.

Até o día seguinte estiven transformada na esperanza mesma, coa alegría: non vivía, nadaba devagar nun mar suave, as ondas levábanme e traíanme.

Ao día seguinte fun á súa casa, literalmente correndo. Ela non moraba nun piso, coma min, senón nunha casa. Non me mandou entrar. Ollándome ben aos ollos, díxome que lle emprestara o libro a outra nena e que volvese ao día seguinte para buscalo. Boquiaberta, saín devagar, pero en breve a esperanza volveume invadir por completo, e xa comezaba de novo a ir pola rúa pulando, que era o meu estraño xeito de andar polas rúas de Recife. Desá vez non caín: guiábame a promesa do libro, chegaría o día seguinte e os seguintes serían despois a miña vida enteira. Esperábame o amor polo mundo. Camiñei, pulando, polas rúas coma sempre, e non caín unha soa vez.

Pero non quedou simplemente niso. O plan secreto da filla do dono da librería era tranquilo e diabólico. Ao día seguinte alá estaba eu na porta da súa casa, cun sorriso e o corazón baténdome. Para ouvir a súa calma resposta: o libro aínda non estaba no seu poder, que volvese ao día seguinte. Mal sabía eu que máis tarde, no decorrer da vida, o drama do «día seguinte» se ía repetir co meu corazón palpitante.

E así continuou. Canto tempo? Non sei. Ela sabía que sería un tempo indefinido, mentres o fel non lle escorrese por completo do seu corpo groso. Eu xa comezara a sospeitar que ela me escollera para que sufrise; ás veces sospeito. Pero mesmo sospeitando, ás veces acepto: coma se quen quere facerme sufrir necesítase desesperadamente que eu sufra.

Canto tempo? Eu ía diariamente á súa casa, sen faltar un día sequera. Ás veces ela dicía: Pois tiven o libro comigo onte pola tarde, pero non viñeches até esta mañá, así que llo emprestei a outra nena. E eu, que non era dada ás olleiras, sentía como se me formaban baixo os ollos estupefactos.

Até que un día, cando eu estaba á porta da súa casa, ouvindo humilde e silenciosa a súa negativa, apareceu a nai. Debía de lle resultar estraña a aparición muda e diaria daquela nena á porta da súa casa. Pediunos explicacións ás dúas. Houbo unha confusión silenciosa, entrecortada, de palabras pouco clarificadoras. Á señora resultáballe cada vez máis estraño o feito de non entender. Até que esa nai boa entendeu. Volveuse para a filla e con enorme sorpresa exclamou:

–Pero se ese libro nunca saíu da casa, e ti nin quixeches lelo!

E o peor para esa muller non era descubrir o que acontecía. O peor debía de ser descubrir, horrorizada, a filla que tiña. Observábanos en silencio: o descoñecido potencial de perversidade da súa filla, e a nena loura, de pé na porta, exhausta, ao vento das rúas de Recife. Entón, finalmente recobrándose, díxolle firme e calma á filla:

–Vaslle prestar o libro agora mesmo.

E a min:

–E ti queda co libro o tempo que queiras.

Entendedes? Era máis que regalarme o libro: «o tempo que queiras» é todo o que unha persoa, grande ou pequena, pode ter a ousadía de querer.

Como contar o que seguiu? Eu estaba atordada, e así recibín o libro na man. Coido que non dixen nada. Collín o libro. Non, non saín pulando coma sempre. Saín andando moi devagar. Sei que aferraba o grosso libro coas dúas mans, comprimíndoo contra o peito. Canto tempo me levou chegar á casa tamén importa pouco. Tiña o peito quente, o corazón pensativo.

Ao chegar á casa non me puxen a ler. Finxía que non o tiña, só para despois experimentar a sorpresa de atopalo. Horas despois abrino, lin algunhas liñas marabillosas, fe-

cheino de novo, fun pasear pola casa, adieino aínda máis indo comer pan con manteiga, finxín que non sabía onde gardara o libro, achábao, abríao por uns instantes. Creaba as máis falsas dificultades para aquela cousa clandestina que era a felicidade. Para min a felicidade sempre sería clandestina. Parece que xa o presentía. Canto o demorei! Vivía no ar... Había en min orgullo e pudor. Era unha raíña delicada.

Ás veces sentaba no coi, balanceándome co libro aberto no colo, sen tocalo, nunha éxtase purísima.

Xa non era unha nena cun libro: era unha muller co seu amante.